



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Historia Económica		Código	611G01002
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Lindoso Tato, Elvira	Correo electrónico	elvira.lindoso.tato@udc.es	
Profesorado	Lindoso Tato, Elvira	Correo electrónico	elvira.lindoso.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura persegue un dobre obxectivo. Dunha beira, a Historia Económica ten que ofrecer ao estudantado os coñecementos sobre a evolución económica en épocas pasadas que lle faciliten a comprensión do mundo actual. O contexto actual no que vivimos (e no que o alumnado vai actuar como economista) é resultado dunha longa evolución, sen cuxa comprensión faltarían elementos para unha interpretación correcta dos acontecementos actuais. Nun mundo cada vez máis globalizado, o coñecemento da Historia Económica e das súas raíces máis profundas ten que formar parte da maleta intelectual dun futuro economista. Doutra beira, o coñecemento e reflexión sobre a evolución económica das sociedades (sobre todo europeas) en épocas pasadas ten que introducir o estudante nun tipo de temáticas e razoamentos propios dun economista (o funcionamento dos mercados, o comportamento dos consumidores e das empresas, os mecanismos de distribución e acumulación, a dinámica do crecemento económico, entre outros), e ten que facelo sen olvidar os factores institucionais que delimitan a acción económica. Ao referirse aos acontecementos económicos que xa sucederon e que son coñecidos, a Historia Económica permite introducir ao estudantado en situacións nas que todos estes elementos interactúan e se condicionan mutuamente. Deste xeito, a Historia Económica complementa dende o estudo dunha realidade coñecida os modelos teóricos propios da análise económica.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A8		
Coñecer e entender a realidade económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A7	B1 B3 B7	
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4		
Análise das variábeis que determinaron o liderado occidental no proceso de crecemento económico contemporáneo	A4 A7		
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países	A6 A7	B2 B8	C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7		
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4		C2



Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A10 A12		
Capacidade crítica e autocrítica	A13		C4
Capacidade analítica e sintética	A9		C4
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Reforzar a capacidade de comprensión lectora	A7 A10		C1
Elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas	A4 A5		
Resolver problemas sobre as cuestións económicas, facendo uso dos coñecementos sobre as teorías, os modelos e os métodos científicos da economía e a empresa	A3		
Capacidade de procura, selección e elaboración de información	A2 A7		
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A3 A7	B5 B6	
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos	A3 A4		
Capacidade para o traballo autónomo			C7 C8
Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica	A6 A12		C4 C6 C7
Analizar e interpretar datos básicos da conxuntura económica	A4 A12	B4 B9	C4
A materia aporta valores humanísticos e culturais importantes para desenvolver o liderado en empresas e Administración pública ao que están chamados os futuros Graduados en Economía	A1 A2		C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: As economías europeas preindustriais	1. Rasgos básicos das economías europeas precapitalistas 2. Valoración global: ¿Crecemento económico en Europa durante o período preindustrial?
Tema 2: A Revolución Industrial británica e a difusión do capitalismo, c.1770-c.1870	1. A Revolución Industrial Británica 2. A difusión do proceso de industrialización: modelos de crecemento
Tema 3: A segunda Revolución tecnolóxica, c.1870-1973	1. Revolución tecnolóxica, internacionalización das economías e as orixes da empresa moderna 2. A inestabilidade do período de entreguerras, 1914-1945 3. A Idade Dourada do capitalismo
Tema 4: A economía mundial, crecemento e crises (1973-2024)	1. A crise da década de 1970 2. O crecemento económico mundial no marco da segunda globalización 3. As grandes crisis do século XXI

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A3 A4 A7 A13 B2 B3 B4 B5	1	3	4



Sesión maxistral	A2 A8 B1 B6 B7 B8 B9 C4 C5 C7 C8	17	51	68
Estudo de casos	A5 A6 A9 A10 A12 C1 C2 C6	22	44	66
Proba obxectiva	A2 A4 A7 A8 A13 B2 B1 B3 B4 C1 C2	2	2	4
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Orientación docente, técnicas de traballo e planificación do curso
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais se impartirán as pautas chave da materia que o estudante debe coñecer e preparar con traballo individual utilizando o resto de instrumentos que ofrece o curso.
Estudo de casos	Análise das prácticas que conteñen diverso material cuantitativo e cualitativo relacionado co contido da materia
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Estudo de casos	En cada metodoloxía, procurase a atención persoalizada nas correspondentes sesións de tutoría individual (seguimento do traballo do estudantado, resolución de dúbidas, orientación cara a mellora do estudo, etc.). Ademais, nas titorías de grupos reducidos realizaranse actividades de orientación docente, de seguimento do traballo do estudantado, de resolución de dificultades e conflitos na materia, etc. Dita atención terá lugar mediante a aplicación Teams e/ou de xeito presencial en dúas sesións de 2 horas cada unha (no horario sinalado no campus virtual da materia ao longo do curso)

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A5 A6 A9 A10 A12 C1 C2 C6	Incluen as prácticas con material cuantitativo e cualitativo que serán avaliadas ao longo do primeiro cuadrimestre. O calendario da proba/s facilitarase durante o curso.	40
Proba obxectiva	A2 A4 A7 A8 A13 B2 B1 B3 B4 C1 C2	Consistirá na realización dun examen escrito sobre os contidos teóricos do programa na convocatoria oficial da primeira oportunidade. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e, por suposto, o coñecemento dos contidos do programa.	60

Observacións avaliación



Normativa de avaliación:

Se exige asistencia obrigatoria á clase da materia desde o primeiro día. En caso de que o/a estudante esté pendente de completar o proceso de matrícula, se lle esixirá copia asinada da matrícula académica coa data correspondente para que non computen as ausencias iniciais. Dito requisito de asistencia é obrigatorio para presentarse ás probas e exames da primeira oportunidade. Un/Unha estudante só pode faltar á clase, sen os xustificantes oficiais que sinala a normativa académica, como máximo 3 veces no cuadrimestre. En paralelo, só están dispensados de asistir á clase presencial, pero non das probas realizadas ao longo do curso, os estudantes que teñan concedida a dispensa académica oficial. É dicir, trátase do caso dos estudantes con "recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia". O estudante que se atope nestas circunstancias debe poñerse en contacto obrigatoriramente co seu docente vía correo electrónico da UDC antes do 30 de setembro de 2024. Os alumnos/as deben consultar

obrigatoria e frecuentemente o campus virtual da materia, onde os docentes colocan información relevante.

Ademais, os estudantes deben

subir obrigatoriramente unha foto actualizada ao seu perfil no campus virtual para a súa correcta identificación antes do 1 de outubro de 2024. Está prohibido acceder á aula do exame/probas con calquer dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenaxe de información. De igual xeito, é necesario que cada alumno/a que desexe realizar as probas se identifique correctamente co D.N.I. na aula onde se vaia realizar a proba (ten que acreditar a súa personalidade dacordo ca normativa vixente). A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se for necesario. Tipo de cualificación:

A cualificación de "non presentado" corresponde ao alumno/a, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada. Tipo de avaliación:

Primeira oportunidade: os criterios de avaliación son os marcados nesta sección. Para superala asignatura, o estudante debe obter como mínimo 50 puntos dos 100 totais. Polo tanto, todos os estudantes, incluídos os que teñan "recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia", poderán superala materia obtendo a lo menos 50 puntos dos 100 totais entre todas as probas do curso, incluíndo o exame da 1ª oportunidade. Aqueles estudantes que non poidan acudir as probas do curso con motivo debidamente xustificado (xustificado cos certificados correspondentes para os casos que contempla a normativa académica -caso de enfermidade ou accidente, por exemplo-), poderán realizar as mesmas noutra ocasión que lles será comunicada polos docentes, tendo en conta o sinalado polo regramento académico. Respecto á convocatoria da segunda oportunidade e a da extraordinaria adiantada, ambas dúas consistirán na realización dunha proba obxectiva nas datas oficiais cun valor máximo do 100% da nota final. Polo tanto, nelas poderase recuperar a avaliación continua realizada durante o primeiro cuadrimestre. En ambas dúas oportunidades, os estudantes poderán superar a materia obtendo a lo menos 50 puntos dos 100 potenciais.



Bibliografía básica	COMO ORIENTACIÓN BÁSICA RECOMÉNDANSE AS SEGUINTE LECTURAS XERAISA) Manual preferente: FELIU, G., SUDRIÀ, C. (2013): Introducción a la historia económica mundial, Valencia, Universidad de Valencia, 2ª edición. B) Outros manuais: CAMERON, R. (2015): Historia económica mundial. Desde el Paleolítico hasta el presente, Madrid, Alianza Editoria, Reimpresión. · COMÍN, F., HERNÁNDEZ, M. y LLOPIS, E. (2005): Historia Económica Mundial, siglos X-XX, Barcelona, Crítica. · FOREMAN-PECK, J. (1995): Historia de la economía mundial. Las relaciones eco-nómicas internacionales desde 1850, Madrid, Prentice Hall. Ademáis, existen en formato electrónico as seguintes obras: Feliu, Gaspar y Sudrià, Carles (2013): Introducción a la Historia Económica Mundial , Valencia, Universitat de València, 2ª edición. Bernardos, J. U. et al. (2014): Historia económica, Madrid, UNED. E-ISBN: 9788436269307. P-ISBN: 9788436267396 Williamson, J. G. (2012): El desarrollo económico mundial en perspectiva histórica: cinco siglos de revoluciones industriales, globalización y desigualdad, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza. E-ISBN: 9788415770756 P-ISBN: 9788415538677 Tascón, J., López, M. A. (2012): Historia económica mundial: una visión eurocéntrica de la actividad económica, del Neolítico al siglo XXI, Madrid, Biblioteca Nueva. E-ISBN: 9788499407494 P-ISBN: 9788499405254 Martín, V. (2006): Lecciones de historia económica, Madrid, McGraw-Hill. E-ISBN: 9788448183707 P-ISBN: 9788448146467
Bibliografía complementaria	BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA ALDCROFT, D.H. (2013): Historia de la economía europea, 1914-2012, Barcelona, Crítica. BARQUÍN, R. (2020): Escapando del eurocentrismo. Una historia no-europea del mundo en la Edad Moderna, Santander, Ediciones Universidad de Cantabria. COMÍN, F. (2011): Historia económica mundial: de los orígenes a la actualidad, Madrid, Alianza. DE VRIES, J. (1992): La economía de Europa en un período de crisis, 1600-1750, Madrid, Cátedra. DI VITTORIO, A. (coord.) (2003): Historia económica de Europa: siglos XV-XX, Barcelona, Crítica. FONTANA, J. (2017): El siglo de la revolución. Una historia del mundo desde 1914, Barcelona, Crítica. GALLEGO MARTÍNEZ, D. (2022): Los caminos del progreso, Granada, Comares. KENWOOD, A.G. y LOUGHEED, A.L. (1991): Historia del desarrollo económico internacional, Madrid, Istmo, vol. 1. KRIEDTE, P. (1994): Feudalismo tardío y capital mercantil, Barcelona, Crítica. MATÉS, J. M., VÁZQUEZ, MARÍA, (eds.) (2023): The Age of Global Economic Crises, 1929-2022, London, Routledge. OCAMPO SUÁREZ-VALDÉS, J. (1998): Historia económica mundial y de España, Oviedo, Universidad de Oviedo. PALAFOX, J. (coord.) (1998): Curso de historia económica, Valencia, Tirant lo Blanch. ROBERTS, M. (2016): La larga depresión. Cómo ocurrió, por qué ocurrió y qué ocurrirá a continuación, El viejo topo. TOOZE, A. (2021): El apagón: cómo el coronavirus sacudió la economía mundial, Barcelona, Crítica. TORTELLA, G. (2023): Capitalismo y revolución. Un ensayo de historia social y económica contemporánea, Madrid, Gadir. ZAMAGNI, VERA (2001): Historia económica de la Europa contemporánea: de la revolución industrial a la integración europea, Barcelona, Crítica.

Recomendacións
Materias que se recomienda ter cursado previamente
Materias que se recomienda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



A materia non esixe requisitos previos. Nembargantes, considéranse recomendables algúns prerrequisitos e coñecementos previos: coñecementos de Historia Universal e familiaridade con conceptos básicos de Economía. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e cos comportamentos persoais e profesionais. Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas; de igual xeito, influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías